



TESOURO. BARQUEIRO. BADULAQUE. MOECHE. PENAS LONGAS.

329,2 MW. 49 Aeroxeradores de 200 metros de altura. Máis de 40 Km de liña de alta tensión. Pistas de acceso de 7 metros de ancho.

Son necesarios estos parques eólicos para crear e manter o emprego?

Non. As empresas que se queiran instalar na nosa comarca, ou as que xa están establecidas, poden mercar enerxía a prezos vantaxosos independentemente de onde veña esta. Sirva como exemplo a comunidade de Madrid, onde hai milleiros de empresas sen que teñan nin un so parque eólico. De feito unha empresa como Telefónica, ten asinado un contrato de subministración coa empresa Acciona que atende cos seus diferentes parques eólicos por todo o estado.

Nó de transición xusta das Pontes

O estado está favorecendo a Endesa para que instale estes parques eólicos, sen sacar o concurso do nó de transición xusta das Pontes. Este concurso é importante para toda a comarca, porque garante a chegada de novas empresas con proxectos no eido enerxético, pero tamén no industrial. Para poñer un exemplo, no caso do nó de transición xusta da central térmica de Andorra (Teruel), os proxectos que gañaron o concurso implican un compromiso de xeración de 4.400 empregos na fase de construción e 650 empregos a longo prazo.



Canto emprego vai crear estes parques eólicos?

En palabras da propia empresa promotora, o emprego directo vencellado a estes parques eólicos será de dous postos de traballo.



Como é a liña de evacuación?

Estes parques eólicos van compartir unha liña de evacuación entre todos eles, que irá unindo dende Barqueiro até Tesouro até chegar ás Pontes. O ancho medio desta liña é de 30 metros.

Canto se cobra se a liña atravesa unha finca?

O procedemento normal para acadar os permisos dos particulares para instalar liñas eléctricas non adoita a ser negociado. Tras a declaración de utilidade pública, no canto de pedir permisos, as empresas acoden á expropiación, onde os prezos son xeralmente baixos.

Canto cobran os afectados polos muíños?

Aínda que os prezos finais poden variar, segundo se negocie, o que está a ofrecer a empresa vai dende os 0,70 € por metro cadrado onde cadre un muíño, unha subestación ou unha torre de medición; até os 0,35 que ofrecen para as pistas de acceso ou a zona de 100 metros arredor de cada muíño (superficie de voo). Estes ingresos teñen que figurar na declaración da renda, e tributan ao 19%. Do mesmo xeito, cada trimestre débese facer unha declaración do IVE cobrado, que, no caso dos particulares débese de pagar na súa totalidade.



Quen limpa o monte arredor dos muíños?

A zona de voo dos muíños é de 100 metros arredor deste. Esa zona, ao igual que os cómaros dos viais, vainos limpar a empresa. O resto débeo limpar cada propietario. Pode darse o caso de que os propietarios que están a carón desta faixa dos 100 metros, non cobren nada, pero están obrigados a ter a finca limpa.

Fan ruído estas máquinas?

Si, en condicións normais, o ruído destes muíños eólicos pode chegar a escoitarse máis aló de dous quilómetros. Isto está recollido nos documentos que presenta a empresa promotora.



Os muíños vense dende o lonxe?

Os muíños van instalados nos cotos máis altos, e teñen 200 metros de altura total, por tanto, algún vaise ver dende varios quilómetros de distancia.

Que pasa en caso de que arda o monte?

No caso de que se produza un incendio forestal na zona onde están instalados os eólicos, os medios aéreos non poden operar, tal e como recoñece a propia empresa.

O actual modelo de explotación da enerxía eólica que promoven dende a Xunta de Galiza e o goberno do estado é un claro exemplo do espolio e depredación territorial.

Somos unha comunidade que exporta ano tras ano unha media do 50% de enerxía eléctrica, sen que este feito sirva para que as enerxéticas que se implanten no noso territorio creen emprego de calidade no mesmo.

Máis ben pasa o contrario, namentres cada día xorden novos proxectos eólicos ao longo e ancho do noso país, as industrias relacionadas co propio sector eólico pechan, como é o caso de Gamesa nas Somozas.

Agora dinnos que para que veñan empresas para As Pontes, ou que para que Alcoa non peche, é preciso que no Ortegaleira se faga un despregue de enerxía eólica que vai cambiar esta comarca para sempre. Non é certo, xa temos enerxía de sobra. Se os proxectos queren vir, non lles vai faltar onde enchufarse. Nada será igual o día que os eólicos estean instalados.

Pola contra no territorio onde se asentan estes muíños non hai proxectado ningunha empresa, ningún proxecto, ningunha mellora.

Nos sacrificamos a terra, para que outros vivan mellor.

Eólica si. Pero non así.



CONCENTRACIÓN:

**DOMINGO 24 DE NOVIEMBRE, ÁS 12 HORAS
DIANTE DO CONCELLO DE MOECHE**